



**CPI SAN SADURNIÑO
SAN SADURNIÑO (A CORUÑA)**

**PROGRAMACIÓN ANUAL
DO DEPARTAMENTO
DE ORIENTACIÓN**

CURSO 2020/2021

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.	4
2. MARCO LEGAL.	6
3. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	7
4. REUNIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	8
5. OBXECTIVOS.	8
6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.	11
6.1. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS DESDE O ÁMBITO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	12
6.2. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS DESDE O ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL.	15
6.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS DESDE O ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.	18
7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.	19
7.1. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	20
7.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.	21
7.3. ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.	22

7.4. COORDINACIÓN CO PROFESORADO.	22
7.5. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS.	23
7.6. COORDINACIÓN CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E OUTROS ORGANISMOS DO CONTORNO.	23
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.	24

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O CPI de San Sadurniño sitúase no Concello do mesmo nome, que ten unha extensión de 99,7 km², situado no nordeste da provincia de A Coruña, na comarca de Ferrolterra, a unha distancia duns 15 km de Ferrol. A poboación distribúese en 7 parroquias, o que dá unha idea da grande diseminación, cunha densidade moi baixa (31 hab/km²). Nos últimos 60 anos houbo un descenso importante de poboación, debido ao intenso éxodo rural. O crecemento vexetativo dos últimos anos é, polo tanto, negativo, o que provoca un envellecemento paulatino da poboación. Na actualidade, máis dun 30% da poboación ten máis de 65 anos. Tamén é certo que nos últimos anos obsérvase unha estabilización da poboación debido ás melloras nas comunicacións e nos servizos ofertados polo Concello.

En canto á actividade económica, a distribución dos traballos se produce entre os seguintes sectores:

- agricultura e gandería: máis dun 99% do solo do Concello son de uso rústico;
- servizos: máis dun 75% das empresas do Concello pertencen a este sector que ocupa aproximadamente a un 40% dos traballadores;
- industria: nela traballan case un 30% do total, pero concéntrase nunhas poucas empresas;
- salientar tamén a explotación dos recursos forestais con importantes empresas dedicadas á transformación da madeira, e á construción.

A taxa do paro sitúase arredor do 5%.

Sobre o nivel socioeconómico das familias, podemos dicir que en xeral, é medio, xurdindo os maiores ingresos do sector secundario, ao que temos que sumar pensións de familiares maiores que viven na mesma casa. Ademais a súa economía vese favorecida polo consumo dos seus cultivos e a cría dalgún animal. As condicións hixiénico-sanitarias melloraron nos últimos anos, notándose un aumento nas novas construcións e restauracións das vivendas antigas. A maioría das familias son propietarias de terras dedicadas ao cultivo para consumo propio, contando con cortes para o gando. A cría de animais, sobre todo de equinos, é importante.

Apréciase unha preocupación importante por parte das familias, tanto na alimentación, que é bastante variada, como na vestimenta. Os rapaces reciben unha atención sanitaria correcta na maioría dos casos. Ademais, moitas familias preocúpanse de mandalos ás actividades extraescolares que se ofertan no contorno.

A maioría dos rapaces e rapazas do concello prosegue estudos no bacharelato ou en ciclos formativos, rematando moitos deles na Universidade.

Todas estas características, tanto do propio concello como da poboación, son tidas en conta na organización das ensinanzas deste centro educativo.

O centro integra tres etapas educativas:

- Educación Infantil.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.

O alumnado escolarizado no centro ten un rango de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos. A distribución deste alumnado (355) no presente curso académico é a seguinte:

ETAPA	NIVEL	Nº ALUMNOS/AS	NÚMERO TOTAL
EDUCACIÓN INFANTIL	4º - A	22	59
	5º - A	23	
	6º - A	14	
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º - A	16	174
	1º - B	14	
	2º - A	24	
	3º - A	15	
	3º - B	15	
	4º - A	20	
	4º - B	19	
	5º - A	13	
	5º - B	14	
	6º - A	24	
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1º - A	20	122
	1º - B	17	
	2º - A	14	
	2º - B	14	
	3º - A	15	
	3º - B	15	
	4º - A	13	
	4º - B	14	

Ademais o CPI ten un Centro de Educación Infantil e Primaria Adscrito (Moeche).

2. MARCO LEGAL.

Esta programación elabórase tendo en conta os seguintes documentos legais:

- Lei Orgánica 2/2006, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados.
- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999.
- Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (CAG).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na CAG, regulada polo Decreto 120.
- Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na CAG.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CAG.
- Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para a ESO.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptación do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro.
- Real Decreto 943/2003 polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.

- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Lei 4/2011, de 4 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, pola que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da Educación Infantil na CAG.
- Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da Educación Primaria na CAG.
- Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da ESO e Bacharelato na CAG.
- Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da CAG nos que se imparten as ensinanzas de educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010.
- Os diferentes protocolos publicados pola CEOU, contextualizados para o noso centro.

3. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Segundo a normativa vixente, o Departamento de Orientación queda constituído, para o actual curso académico, cos membros que se nomean a continuación:

- Xefa do Departamento de Orientación: María Jesús Díaz Rodríguez.
- Mestra especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) (ESO): Isabel Diéguez Vilar.
- Mestra especialista de Pedagogía Terapéutica (EI e EP): M^a del Carmen Vázquez López.
- Mestra especialista en Audición e Linguaxe (AL) (EI e EP): Inés Veiga Fernández.
- Mestra especialista en Audición e Linguaxe (AL) (compartida para as etapas de EI, EP e ESO): Marta Prieto Rego.
- Representante de Educación Primaria: Ana Isabel Vázquez Rico.
- Coordinadora de Educación Infantil: M^a Isabel Seijas Morandeira.
- Titora do ámbito científico-tecnolóxico: María Trastoy Rego.
- Titora do ámbito socio-lingüístico: Marta Díaz Tíe.
- Xefa do Departamento de Orientación do CEIP adscrito (San Ramón de Moeche).

4. REUNIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Debido ás características organizativas do centro as reunións realizaranse:

- semanalmente co profesorado especialista de PT e AL (os xoves de 16:10 a 17:00);
- semanalmente cos titores da ESO: este curso, debido á situación xerada pola pandemia, non é posible levar a cabo unha reunión mensual con todos os titores e titoras da ESO, co cal a orientadora irá convocándoos por nivel, como mínimo cada dúas semanas;
- mensualmente, e despois da CCP mensual, se realizará a preceptiva reunión do Departamento de Orientación con todos os membros, fóra do horario lectivo;
- reunións trimestrais co orientador do centro adscrito.

5. OBXECTIVOS.

Obxectivos xerais:

- Favorecer e apoiar unha práctica docente baseada nos principios de prevención, desenvolvemento persoal e intervención social, tratando de

- compensar aquelas situacións de partida que sexan desfavorables, así como desenvolver ao máximo as potencialidades do alumnado.
- Colaborar na coordinación entre as titorías e os órganos de coordinación didáctica das distintas etapas para conseguir unha maior eficacia no seguimento e atención ao alumnado.
 - Mellorar o rendemento dos alumnos nas competencias clave: comprensión lectora, linguas estranxeiras e matemáticas.
 - Inculcar a idea de que a atención á diversidade non é unha medida que responde ás necesidades dunha parte do alumnado, senón de todo o alumnado e de todas as etapas educativas.
 - Desenvolver plenamente a personalidade e as capacidades afectivas de todo o alumnado, facendo especial fincapé no desenvolvemento das habilidades sociais.
 - Diseñar accións encamiñadas á atención temperá do alumnado de Educación Infantil, así como a prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados, tanto de condicións desfavorables, como de altas capacidades.
 - Transmitir valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
 - Promover a orientación educativa e profesional do alumnado do centro como tarefa de todo o profesorado.

Obxectivos específicos:

❖ Alumnado:

- Favorecer a integración/inclusión e a participación do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Proporcionar ao alumnado hábitos básicos e estratexias de traballo intelectual que favorezan e melloren o rendemento académico.
- Facilitar a toma de decisións respecto ao seu futuro académico-profesional.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes positivas no alumnado no que respecta a aspectos propios da preocupación social (drogodependencias, educación afectivo-sexual, hábitos alimenticios, etc.).

- Levar a cabo a avaliación psicopedagóxica do alumnado que o precise.
- Favorecer a adquisición das sete competencias clave contempladas na Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro.
- Este ano, con especial incidencia, debemos afondar no obxectivo de velar pola estabilidade emocional do alumnado, así como das familias e do profesorado, procurando detectar a aqueles alumnos e alumnas que sexan máis susceptibles de non ter unha boa adaptación á situación xerada pola pandemia.
- Detectar as dificultades de aprendizaxe que xurdan ao longo dos procesos de ensino-aprendizaxe, así como dispoñer das medidas educativas axustadas ás necesidades educativas do alumnado, tendo moi en conta a atención temperá do alumnado escolarizado na etapa de Educación Infantil.
- Mellorar a utilización das aulas de convivencia inclusiva para que cumpran o obxectivo de axudar ao alumnado a lograr unha mellor integración no centro e nas actividades educativas.

❖ **Profesorado:**

- Dinamizar a acción titorial, asesorando e dando soporte técnico e recursos necesarios.
- Asesorar acerca das diferentes medidas de atención á diversidade e na resposta á mesma.
- Informar e asesorar ao profesorado sobre os aspectos didácticos, metodolóxicos e de avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coidar da estabilidade emocional do profesorado en todo o relativo á situación xerada pola pandemia, achegando recursos e asesoramento.
- Informar sobre os cambios lexislativos que se produzan.

❖ **Familias:**

- Informar e orientar ás familias sobre a educación dos seus fillos e fillas, e sobre as diferentes opcións académicas e vocacionais que podan solicitar, así como as preocupacións que sobre eles puideran xurdirles, principalmente no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Contribuír a manter relacións de cooperación e participación entre as familias e o centro.
- Incidir, de maneira especial, no asesoramento a aquelas familias que poidan ter máis dificultades na adaptación á situación xerada pola pandemia.

❖ **Centro:**

- Asesorar tecnicamente aos órganos do centro na elaboración dos diferentes documentos de organización do centro axeitados ao novo marco legal.
- Potenciar as relacións cos centros educativos da zona e con outros organismos do entorno social e laboral.
- Consolidar e afianzar un centro que atenda á diversidade no desenvolvemento do dereito á igualdade.
- Desenvolver aquelas medidas organizativas e pedagóxicas propostas para previr posibles dificultades educativas ou para intervir naquelas outras que se detecten.
- Desenvolver os mecanismos para unha axeitada coordinación entre as etapas que se imparten no centro.
- Apoiar ao equipo directivo e ao claustro en xeral en todo o relativo á organización e planificación da actividade educativa en relación á situación xerada pola pandemia, sobre todo naqueles problemas ou situacións novas que vaian xurdindo.

❖ **Centro adscrito:**

- Establecer mecanismos de coordinación entre o centro e o centro adscrito.
- Intercambiar información sobre o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poidamos recibir.

6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Para a planificación e a concreción das liñas prioritarias de actuación a desenvolver no presente curso escolar, temos en conta as necesidades detectadas no centro o curso anterior, polo que imos traballar desde tres ámbitos de actuación estreitamente relacionados:

- Actuacións enmarcadas dentro da atención á diversidade, contemplando todos aqueles aspectos relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe.
- Actuacións enmarcadas dentro da acción tutorial.
- Actuacións enmarcadas dentro da orientación académico-profesional.

6.1. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS DESDE O ÁMBITO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

OBXECTIVOS:

- Atender á diversidade do noso alumnado.
- Unificar criterios de actuación no proceso de acollida do alumnado de 1º ESO, 1º de Educación Primaria e 4º de Educación Infantil, así como do alumnado de nova incorporación ao longo do curso académico.
- Garantir un proceso de ensino-aprendizaxe individualizado e personalizado.
- Previr o fracaso escolar, a inadaptación, o absentismo e o abandono escolar.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, axustando a resposta educativa ás necesidades específicas do alumnado.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado mediante as oportunas adaptacións curriculares e apoios educativos das especialistas de PT e AL.
- Asesorar ao profesorado sobre as posibles medidas educativas a adoptar dentro das súas Programacións (de aula e didácticas) para tratar de dar resposta á diversidade do alumnado.
- Detectar problemas de aprendizaxe e por en marcha medidas organizativas (reforzo educativo, agrupamentos específicos, desdobres, etc.) que permitan dar resposta ás súas necesidades educativas específicas.
- Colaborar co profesorado titor na elaboración do consello orientador ao rematar cada curso da ESO.

ACTUACIÓNS PRIORITARIAS:

- Revisión e seguimento das medidas de apoio xa establecidas para o alumnado no curso anterior, a través da revisión dos informes psicopedagóxicos, informes individualizados de avaliación e informes dos

- titores sobre a proposta de medidas a adoptar para cada alumno/a (temporalización: setembro-outubro).
- Propostas sobre cómo organizar os apoios educativos, seguindo o principio de inclusividade, priorizando os apoios dentro da aula (temporalización: 1º trimestre, en coordinación con xefatura de estudos e profesorado especialista).
 - Elaboración dunhas recomendacións básicas para todo o profesorado co fin de unificar criterios de actuación no proceso de acollida de alumnado de 4º de EI, 1º de EP e 1º da ESO, así como de alumnado de nova incorporación a calquera curso de calquera etapa (temporalización: 1º trimestre).
 - Participación na elaboración e seguimento das Adaptacións Curriculares do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (temporalización: 1º trimestre, en coordinación co profesorado titor, profesorado da materia obxecto de adaptación e profesorado especialista en PT e/ou AL).
 - Elaboración do Informe Psicopedagóxico do alumnado proposta para o Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (de ser o caso) e do consello orientador para a incorporación a un ciclo de FPB (de ser o caso) (temporalización: 3º trimestre, despois da avaliación final ordinaria e extraordinaria da ESO, en coordinación co profesorado titor e xefatura de estudos).
 - Participación na sesión de avaliación inicial de todos os niveis, e asesoramento sobre a resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades específicas de apoio educativo (temporalización: setembro-outubro, en coordinación co profesorado e xefatura de estudos).
 - Pautas ás familias sobre como contribuír desde o contexto familiar á creación e mellora de hábitos de estudo (temporalización: 1º trimestre, en coordinación co profesorado titor).
 - Información ás familias das funcións do Departamento de Orientación e do seu horario de atención ás familias (temporalización: na entrevista inicial coas familias en setembro-outubro, en coordinación co profesorado titor).
 - Rexistro dos préstamos de material bibliográfico do Departamento de Orientación (temporalización: ao longo do curso).

- Colaboración coa xefatura de estudos e o profesorado titor, na selección do alumnado que recibirá medidas específicas de atención á diversidade (temporalización: ao longo do curso).
- Información ao profesorado sobre as características do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e asesoramento sobre a resposta educativa máis axeitada, proporcionando ao profesorado os materiais didácticos e instrumentos necesarios dos que dispoña o Departamento (temporalización: ao longo do curso).
- Información ás familias sobre as medidas de atención á diversidade das que dispón o centro para dar resposta ás necesidades educativas do alumnado, recabando a súa autorización para a realización da avaliación psicopedagóxica, Adaptacións curriculares, apoio educativo das profesoras especialistas, etc. (temporalización: ao longo do curso, sempre que sexa necesario).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Á hora de avaliar as nosas actuacións desde o ámbito da atención á diversidade, teremos en conta os seguintes criterios:

- Grao de implicación da comunidade educativa.
- A adecuación das medidas organizativas e curriculares adoptadas para dar resposta ás necesidades educativas específicas do alumnado.
- A diminución do fracaso escolar e das dificultades de aprendizaxe entre o noso alumnado.
- A adecuación da programación da aula á diversidade do alumnado (actividades propostas, organización flexible da aula, etc.).
- A adecuación dos materiais achegados.
- Ao longo do curso, a xefatura de estudos, o equipo de titores e a orientadora, levarán a cabo un seguimento do desenvolvemento das propostas incluídas coa finalidade de introducir os axustes necesarios.

6.2. PROPOSTA DE ACTUACIONES PRIORITARIAS DESDE O ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL.

OBXECTIVOS:

- Favorecer a integración do alumnado no contexto escolar do centro e da aula.
- Contribuír á personalización do ensino e a unha acción coordinada do equipo educativo no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a participación das familias na dinámica do centro.
- Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Potenciar o uso de actividades de tutoría para cada un dos cursos da ESO, como recurso para impulsar a acción titorial.
- Corrixir as condutas disruptivas e mellorar a integración do alumnado no centro.
- Identificar, xunto co profesorado titor, a aqueles alumnos e alumnas que poidan estar tendo máis problemas en relación coa adaptación da nova situación escolar provocada pola pandemia.

ACTUACIONES PRIORITARIAS:

Co centro:

- Proporcionar actividades para os diferentes cursos das etapas que se imparten no centro; respecto á ESO, incluír actividades relacionadas coa orientación académica e profesional: Bacharelato, ciclos de FP, ensinanzas de réxime especial, etc. (temporalización: 1º trimestre).
- Asesoramento para que no PE se inclúan criterios de organización temporal que posibiliten a coordinación entre o profesorado das distintas etapas co Departamento de Orientación (temporalización: 1º trimestre, en reunión da CCP).

Co alumnado:

Este curso, debido á situación xerada pola pandemia, será moi complicado levar a cabo as diferentes actividades complementarias que todos os anos organiza o Departamento de Orientación. Por iso, todas as actividades sinaladas en cor azul, só

se levarán a cabo en caso de ser posible e sempre e cando sexan aprobadas pola Consello Escolar.

- Actividades de acollida: recollida de información individual e grupal, coñecemento das normas de convivencia do centro, elección de delegado/a, presentación do departamento de orientación (temporalización: 1º trimestre, en coordinación co profesorado-titor).
- Participación de actividades relacionadas coa igualdade e a prevención da violencia de xénero, organizadas polo Concello en coordinación co Departamento de Orientación e o profesorado titor (temporalización: 1º trimestre).
- Charla-coloquio sobre accidentes de tráfico e lesións medulares de AESLEME para 2º da ESO (temporalización: 1º trimestre).
- Programa de habilidades sociais, con actividades de solucións construtivas dos conflitos e favorecedoras dun adecuado autoconceito e autoestima (temporalización: 2º trimestre).
- Participación nas actividades programadas desde o Concello e ASFEDRO (temporalización: 2º trimestre).
- Programa de Igualdade de 1º a 6º de Educación Primaria en colaboración co Concello (temporalización: 2º trimestre).
- Participación con diferentes entidades e organizacións sobre o ámbito da saúde e a seguridade en colaboración coa Guardia Civil e a Cruz Vermella (temporalización: 2º trimestre).
- Organización e desenvolvemento dun obradoiro de educación afectivo-sexual para o alumnado de 3º da ESO, en colaboración con entidades pertinentes (temporalización: 2º trimestre).
- Actividades para traballar na aula de convivencia inclusiva (temporalización: 1º trimestre).

Co Profesorado:

- Celebración de reunións periódicas de coordinación cos titores de 6º de Primaria e cos responsables do centro de Primaria adscrito, para facilitar a transición do alumnado de Primaria a Secundaria (temporalización: finais de curso, en coordinación con xefatura de estudos).

- Ofrecer asesoramento ao profesorado titor e ao profesorado en xeral, en aspectos psicopedagóxicos, autoconñecemento do alumnado, estratexias metodolóxicas, etc. (temporalización: ao longo do curso, en colaboración co profesorado especialista en PT e AL).
- Reunións semanais cos titores/as da ESO e coordinación semanal coa xefa de estudos de Primaria.

Coas Familias:

- Participar, se é posible, na reunión xeral coas familias organizada desde as titorías, informándolles do funcionamento e organización do centro, horarios, atención ás familias, etc. (temporalización: 1º trimestre, en coordinación con xefatura de estudos e profesorado-titor).
- Continuación da Escola de Familias, de ser posible, en colaboración coa Educadora Familiar do Concello, con temas como comunicación, normas e límites, novas tecnoloxías, adicións, etc. (temporalización: ao longo do curso).

Cos Servizos do entorno:

- Colaborar cos servizos sociais e sanitarios, e con todos aqueles que sexa preciso, no seguimento das necesidades específicas do noso alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Partiremos dunha avaliación inicial das necesidades detectadas e das directrices da CCP e do Plan de Acción Titorial (PAT) do curso anterior. A avaliación da acción titorial farase en base aos seguintes criterios:

- Interese e motivación polos contidos traballados.
- Nivel de planificación.
- Adecuación das actividades, materiais, etc.

Os instrumentos de avaliación que se empregarán serán os seguintes, entre outros:

- Observación.
- Entrevistas.
- Cuestionarios.
- Análise de tarefas.
- Intercambio de información.

6.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS DESDE O ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

OBXECTIVOS:

- Contribuír a que a orientación académica e profesional se desenvolva como un proceso de axuda continua.
- Desenvolver unha orientación individualizada e diversificada.
- Favorecer a apertura do centro ao contorno produtivo.
- Promover a participación das familias no desenvolvemento das actuacións, enmarcadas dentro do ámbito da orientación académica e profesional.
- Colaborar cos titores/as na elaboración do Consello Orientador.
- Colabora cos centros adscritos en relación a cuestións vinculadas á orientación académica do alumnado que cambia de etapa.

ACTUACIÓNS PRIORITARIAS:

Co Profesorado:

- Reunións periódicas cos titores/as para implicalos na orientación académica e profesional do seu alumnado (temporalización: ao longo do curso, sobre todo no segundo e no terceiro trimestre).
- Organización de actividades extraescolares como visitas a Institutos da zona para coñecer diversas familias profesionais e as modalidades de Bacharelato (temporalización: terceiro trimestre, en colaboración coa titora de 4º e a profesora encargada das actividades extraescolares). Esta actividade levarase a cabo sempre que sexa posible.

En relación co alumnado:

- Organización de actividades de autoconecemento (das propias aptitudes, intereses, etc.), tarefas para axudarlles a tomar decisións axeitadas, etc. (temporalización: 2º e 3º trimestre, en coordinación co profesorado titor da ESO).
- Asesoramento individualizado sobre orientación académica e profesional (temporalización: 2º e 3º trimestre, en colaboración co profesorado titor).
- Charlas informativas sobre orientación académica e profesional por parte de profesionais especializados, dirixidas ao alumnado de 3º e 4º da ESO

(temporalización: 2º e 3º trimestre, en coordinación con xefatura de estudos, profesorado titor e profesora encargada das actividades extraescolares).

- Atendendo ás propostas de mellora establecidas a finais do curso pasado, este curso académico darase prioridade á elaboración dun programa de Habilidades Sociais que dea resposta axeitada ao alumnado con condutas disruptivas.

Con centros educativos (IES e CIFP) da zona:

- Reunións para posibilitar o intercambio de información académica das etapas postobrigatorias (temporalización: 3º trimestre).

Coas Familias:

- Implicación do profesorado e as familias nas tarefas orientadoras (en todos os ámbitos, académico, profesional, persoal e social).
- Asesoramento individualizado sobre o futuro académico e profesional dos seus fillos e fillas (temporalización: 2º e 3º trimestre, en coordinación co profesorado titor).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación e seguimento será responsabilidade do equipo de tutores/as co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación, e para iso se utilizarán instrumentos de avaliación como cuestionarios dirixidos ao alumnado, familias e profesorado. Os criterios de avaliación que teremos en conta son:

- Adecuación das actuacións desenvolvidas ás necesidades reais do noso centro educativo.
- Adecuación da temporalización das actividades desenvolvidas.
- Nivel de implicación, colaboración e achegas dos distintos axentes educativos.
- Grao de implicación do profesorado titor e do Departamento de Orientación.

7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Para levar a cabo as actuacións prioritarias, teremos en conta unha serie de plans e programas que son fundamentais para a organización da resposta educativa desde os tres ámbitos de actuación.

7.1. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O pasado curso académico quedou aprobado o Plan Xeral de Atención á Diversidade para os próximos catro anos (2020-2024).

Dentro deste Plan, e tendo en conta a concreción anual do mesmo ás necesidades do alumnado este curso académico, teremos en conta as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Apoios de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas (aulas de Pedagogía Terapéutica e profesorado con dispoñibilidade horaria): Estes apoios pretenden ser un apoio transitorio para aquel alumnado que ten dificultades específicas de aprendizaxe nestas materias. Son flexibles e a selección do alumnado faise en base aos informes finais de curso, así como ás avaliacións iniciais e/ou psicopedagóxica, de ser o caso.
- Apoios na área da linguaxe (aula de Audición e Linguaxe): para o alumnado de Infantil e Primaria, na reeducación de problemas de audición e linguaxe.
- Exención da segunda lingua estranxeira (Francés): Esta medida está destinada a aqueles alumnos/as de 1º e 2º da ESO que tiveron dificultades nas áreas de linguas en Educación Primaria.
- Adaptacións curriculares: Medida dirixida ao alumnado das etapas de Primaria e ESO con necesidades específicas de apoio educativo e que presenten un desfase curricular de máis de dous cursos, tendo recibido medidas de atención á diversidade con anterioridade, entre elas a permanencia nalgún curso da etapa.
- Reforzo educativo: Medida implementada polo profesorado de área ou materia, e dirixida ao alumnado que presente dificultades para poder levar a cabo un axeitado proceso de ensino-aprendizaxe, sen que estas dificultades sexan significativas.
- Agrupamentos flexibles: Medida dirixida ao alumnado da ESO, que implica un desdobre por diferentes niveis dentro do mesmo curso.
- Grupos de adquisición das linguas e grupos de adquisición da competencia curricular: Medidas dirixidas ao alumnado procedente do estranxeiro.

7.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

Este ano priorizarase a elaboración, seguindo os criterios da Comisión de Coordinación Pedagóxica, do Plan de Acción Titorial (PAT).

A acción titorial centrarase nos seguintes aspectos:

Educación Infantil:

- Facilitar a integración de cada alumno no grupo e no centro, sobre todo no primeiro curso, con actividades de acollida e con fase de adaptación.
- Favorecer os procesos de desenvolvemento da identidade persoal e formación de valores de cada neno.
- Fomentar no grupo de alumnos o desenvolvemento de actitudes participativas.

Educación Primaria:

- Crear un clima positivo para a integración do alumnado na aula e no centro.
- Mellorar as relacións interpersonais.
- Empezar a desenvolver a capacidade de tomar decisións.
- Desenvolver e mellorar a atención e a memoria.
- Empezar a traballar os hábitos de estudo e as técnicas de traballo intelectual.

Educación Secundaria Obrigatoria: Como nesta etapa existe un período lectivo de titoría, levaremos a cabo os seguintes programas, en coordinación e apoio aos titores, e secuenciados como se establece no Plan de Acción Titorial:

- Programa de técnicas de estudo, e hábitos e organización do traballo.
- Programa de educación para a igualdade.
- Programa de educación en valores e habilidades sociais.
- Programa de prevención de drogodependencias e de prevención da ludopatía.
- Programa de educación afectivo-sexual.
- Programa de orientación académico y profesional.

Todas as actividades que forman parte dos programas, levaranse a cabo sempre e cando sexa posible a súa organización dunha maneira segura para todos e todas.

En todas as etapas se terá moi en conta a participación e colaboración das familias, tanto no plano académico, como no plano persoal, emocional e social.

7.3. ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.

No centro temos varios alumnos con necesidades específica de apoio educativo escolarizados nas tres etapas:

- Alumnado con TDAH.
- Alumnado con TEA / TXD.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Alumnado con necesidades educativas especiais.
- Alumnado de procedencia dun ambiente socio-familiar desfavorecido.
- Alumnado con dificultades por historia escolar e persoal.

Para estes alumnos levaranse a cabo as medidas de atención á diversidade precisas para organizar a resposta educativa e que se atopan recollidas no PXAD.

7.4. COORDINACIÓN CO PROFESORADO.

Seguindo as propostas de mellora elaboradas na memoria do DO, este curso procurárase mellorar a coordinación entre as tres etapas educativas, sobre todo na intervención da orientadora respecto ás demandas do profesorado titor para identificar necesidades no alumnado e axustar a resposta educativa; existe un protocolo recollido no PXAD.

A coordinación entre o profesorado e o departamento de orientación centrárase nos seguintes aspectos:

- Coordinar as actividades de tutoría.
- Ofrecer recursos e instrumentos educativos.
- Orientar en relación á atención á diversidade.
- Coordinar as adaptacións curriculares.
- Asesorar en técnicas grupais e en metodoloxías innovadoras e que fomenten o traballo en equipo.
- Orientar en relación ás actividades de avaliación e promoción.
- Axudar no proceso de coñecemento do grupo.
- Potenciar a acción tutorial.
- Colaborar e asesorar na elaboración de informes individualizados de alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

7.5. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS.

A coordinación coas familias é fundamental en todas as etapas educativas e se levará a cabo, principalmente, a través dos titores. A orientadora ten tamén un horario flexible de atención a pais e nais.

A principio de curso levarase a cabo unha reunión inicial coas familias na que se lles dará a coñecer as funcións do Departamento de Orientación, así como os proxectos para o curso que se inicia.

Procurarase manter unha relación máis estreita sobre todo con aquelas familias de alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

7.6. COORDINACIÓN CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E OUTROS ORGANISMOS DO CONTORNO.

O CPI de San Sadurniño recibe, con regularidade, alumnado dos seguintes centros:

- CEIP San Ramón (Moeche): adscrito ao noso centro para realizar os estudos de ESO. As reunións presenciais co xefe do Departamento de Orientación deste centro realizaranse trimestralmente. Manterase unha estreita colaboración informativa que redunde na mellora da atención do alumnado que se incorpore deste centro, especialmente:
 - na programación e realización das actividades de acollida que se organicen a final de curso;
 - no proceso de decisión da exención da segunda lingua estranxeira ao alumnado que o precise;
 - na información sobre o historial académico de cada alumno e as posibles medidas de atención á diversidade que precisen.
- Outros centros: Por outro lado, sempre que se incorporen ou causen baixo algún alumno do noso centro, o departamento de orientación será informado desa circunstancia para que a orientadora se poñe en contacto cos centros de procedencia ou de destino e desta maneira poder coordinar, cos departamentos de orientación correspondentes, aquela información relevante que facilite a atención educativa desde un principio.

Ademais, outros organismos do contorno cos que se mantén coordinación e colaboración ao longo do curso, son os Servizos Sanitarios, os Servizos Sociais, o

Concello, a Deputación, a Garda Civil e todas aquelas Asociacións e Organismos que traballan na atención aos mozos e mozas do noso centro.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

Farase unha avaliación continua e formativa, de forma que podamos realizar os axustes necesarios ao longo do curso.

Criterios xerais de avaliación:

- Grao de consecución de cada un dos obxectivos fixados.
- Valoración das actuacións desenvolvidas: se son coherentes coa actividade xeral do centro e co Proxecto Educativo.
- Valoración dos procesos e dos resultados das actuacións.
- Dispoñibilidade de recursos humanos e materiais.

Criterios específicos de avaliación: Para avaliar cada actividade teremos en conta:

- Grao de desenvolvemento.
- Aspectos positivos.
- Aspectos negativos.
- Modificacións necesarias.
- Grao de axuste e validez dos materiais e recursos.

Instrumentos de avaliación:

- Reunións conxuntas.
- Reconto de actuacións.
- Entrevistas.
- Cuestionarios.

Ao finalizar o curso, realizarase unha memoria cunha síntese e valoración das accións desenvolvidas e as propostas de mellora para o vindeiro curso, en función dos resultados da avaliación.

San Sadurniño, 29 de setembro de 2020.



María Jesús Díaz Rodríguez
Xefa do Departamento de Orientación